



RISCOS E AMEAZAS PARA O MEDIO NATURAL



"Key West Florida hurricane dennis storm" (CCO)



ÍNDICE

RISCOS E AMEAZAS PARA O MEDIO NATURAL

1. OS RISCOS NATURAIS XEOLÓXICOS E CLIMÁTICOS.....	1
<i>Exercicios</i>	3
2. O IMPACTO DA ACTIVIDADE HUMANA NO MEDIO NATURAL.....	5
<i>Exercicios</i>	6
SOLUCIÓNS.....	7




1. OS RISCOS NATURAIS XEOLÓXICOS E CLIMÁTICOS

Os **riscos naturais** son fenómenos da natureza que poden provocar grandes alteracións na paisaxe e na vida das persoas. Distinguimos dous grandes grupos de riscos naturais:

- a) **Riscos naturais xeolóxicos:** están provocados polos movementos das placas tectónicas (as placas tectónicas son grandes anacos en que se divide a litosfera e que flotan sobre o manto). Entre os riscos xeolóxicos están:
- Os **terremotos:** sacudidas violentas da superficie terrestre provocadas polas tensións xeradas nas zonas de contacto das placas tectónicas. Cando o tremor xorde no fondo mariño, chámase **maremoto** e provoca grandes ondas chamadas **tsunamis**.

Representación dun tremor no fondo mariño (maremoto) co seu foco de orixe (hipocentro) que provoca un tsunami




"Esquema dun tsunami" (Yearofthedragon, CC-BY-SA-3.0)

- Os **volcáns**: fendas na superficie terrestre, polo xeral nunha montaña, que expulsan materiais do interior da Terra (gases, magma ou lava...).

Estrutura dun volcán:

1. Cámara magmática.
2. Leito de rocha.
3. Cheminea.
4. Base.
5. Lámina (intrusión de lava).
6. Fisura.
7. Capas de cinza emitida polo volcán.
8. Cono.
9. Capas de lava emitidas polo volcán.
10. Gorxa.
11. Cono adventicio ou secundario.
12. Fluxo de lava (colada).
13. Fumarola.
14. Cráter.
15. Columna eruptiva.



"Volcano scheme" (MesserWoland, CC-BY-SA-3.0)



Volcáns activos, placas tectónicas e o Anel de Fuego. "Map plate tectonics world.es" (Ortisa, CC-BY-SA-4.0)

b) **Riscos naturais climáticos:** son riscos provocados por elementos do clima (precipitacións, temperaturas...) cando alcanzan niveis extremos:

- **Secas:** escaseza de precipitacións.
- **Inundacións:** cando a abundancia de precipitacións ou a rápida fusión das neves asolagan un lugar ou territorio.
- **Furacáns:** tempestade con vento moi forte que xira como un remuíño.
- **Ondas de frío ou calor:** con temperaturas extremas altas ou baixas.

EXERCICIOS

Exercicio 1

Cal é a diferenza entre os riscos naturais climáticos e os xeolóxicos?

Exercicio 2

Observa a imaxe e responde:

- Que é un volcán?
- Que tipo de risco natural é?
- Define outro tipo de risco natural da mesma clase que os volcáns.



"Erupción volcán Santiaguito" (Finca el Faro, CC BY-NC-ND 2.0)



Exercicio 3

Verdadeiro ou falso? Xustifica a túa resposta no caso de ser falso:

- a) Os furacáns son un risco natural xeolóxico.
- b) Os riscos naturais climáticos son provocados polos elementos do clima.
- c) Cando un terremoto xorde no fondo mariño recibe o nome de tsunami.
- d) A seca é un risco natural climático producido pola escaseza de precipitacións.

2. O IMPACTO DA ACTIVIDADE HUMANA NO MEDIO NATURAL


A actividade humana ten un impacto directo no medio natural, xa que as persoas necesitamos consumir recursos da natureza para a nosa supervivencia. Podemos organizar o impacto da actividade humana en dous grandes grupos:

- a) **A sobreexplotación dos recursos:** prodúcese cando o consumo humano supera a capacidade de rexeneración do medio natural, de xeito que os recursos van diminuindo ata esgotárense (mesmo poñendo en perigo de extinción algunhas especies animais e vexetais). Algúns exemplos son:
- A **deforestación:** a corta abusiva e os incendios forestais (provocados ou resultado dunha deficiente xestión das masas arbóreas) teñen como resultado a diminución dos bosques.
 - A **sobrepesca:** a pesca abusiva de especies mariñas impide a súa rexeneración e diminúe os recursos pesqueiros.
 - O **consumo elevado de auga doce** esgota os acuíferos.
- b) **A contaminación:** os materiais físicos ou químicos consecuencia das actividades económicas, do transporte ou consumo humano (gases, plásticos, lixo...) tamén poden alterar negativamente ao ambiente. Algúns exemplos da contaminación son:
- A **chuvia ácida:** é a chuvia resultado da mestura de substancias contaminantes emitidas pola actividade humana co vapor de auga das nubes, que forma ácidos que, ao caeren en forma de chuvia, provocan danos á vexetación e ao solo.
 - **Contaminación das augas:** as augas poden alterarse pola acción de verteduras de diferentes materiais nocivos como plásticos, produtos químicos, hidrocarburos...
 - **Emisión de gases de efecto invernadoiro:** é o fenómeno que contribúe ao aumento da temperatura media da Terra (**quecemento global**); consiste no incremento da emisión de CO₂ (dióxido de carbono), metano e óxidos nitrosos á atmosfera, que actúan como unha barreira que retén a calor. Aínda que o efecto invernadoiro é un fenómeno natural, a emisión destes gases pola actividade humana incrementa os seus efectos e provoca un aumento máis alto do normal da temperatura global, polo que se considera que é o principal desencadeante do chamado **cambio climático** xa que altera os climas da Terra e provoca secas, asolagamentos, incendios...

EXERCICIOS

Exercicio 4

Observa o gráfico sobre a evolución das capturas de bacallau atlántico e responde:



Evolución das capturas de bacallau atlántico en Terranova (Canadá). "Surexplotation morue surpêcheEn" (Lamiet, CC-BY-SA-3.0)

- Identifica e explica que impacto da actividade humana sobre o medio representa o gráfico.
- Que outros exemplos de impacto da actividade humana no ambiente coñeces?

Exercicio 5

Define:

- Cambio climático.
- Chuvia ácida.
- Efecto invernadoiro.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Os riscos naturais xeolóxicos están provocados polos movementos das placas tectónicas mentres que os riscos naturais climáticos teñen a súa orixe cando os elementos do clima (precipitacións, temperaturas...) alcanzan niveis extremos.

Exercicio 2

- a) Un volcán é unha fenda na superficie terrestre, polo xeral nunha montaña, que expulsa materiais do interior da Terra (gases, magma ou lava...).
- b) É un risco natural xeolóxico.
- c) Outro tipo de risco natural da mesma clase son os terremotos, que son sacudidas violentas da superficie terrestre provocadas polas tensións xeradas nas zonas de contacto das placas tectónicas.

Exercicio 3

- a) Falso. Os furacáns son un risco natural climático.
- b) Verdadeiro.
- c) Falso. Cando un terremoto xorde no fondo mariño recibe o nome de maremoto.
- d) Verdadeiro.

Exercicio 4

- a) O gráfico amosa a sobrepesca do bacallau atlántico. É visible o forte aumento das capturas ata a década dos 70 do século XX e o posterior derrubamento, ao non poder rexenerarse esta especie pola intensa pesca da que foi obxecto.
- b) No eido da sobreexplotación de recursos naturais, a deforestación e o elevado consumo de auga. No eido da contaminación humana, por exemplo, a chuvia ácida, o efecto invernadoiro...

Exercicio 5

- a) Cambio climático. Son as variacións que sofren os elementos dos climas da Terra resultado do aumento resultante da temperatura global do planeta, entre outros factores, polo quecemento global debido ao efecto invernadoiro.